



Proxecto: Valorización de residuos agrarios na comarca da Limia

A comarca da Limia concentra unha gran concentración de explotacións gandeiras intensivas. Esta situación responde a un forte proceso de concentración produtiva que se levou nos últimos anos. Trátase dun nivel moi elevado, si se compara coa media de Galicia ou con outras comarcas.

Esta situación provoca un territorio masificado con numerosas explotacións gandeiras intensivas na zona, o cal, implica que o número de subprodutos xerados é bastante alto, xa que é directamente proporcional ao número de unidades gandeiras.

Doutra banda, esta zona ten unha forte vocación agrícola e forestal, o que dá lugar a que se xeren gran cantidade de restos vexetais, que en moitas ocasións son difíciles de xestionar. Entre as prioridades da Estratexia Europa 2020 impulsada pola Comisión Europea atópase o fomento da economía circular e a reutilización dos residuos xerados na agricultura.

A reutilización de materias primas que actualmente se eliminan como residuos é un dos principios crave do paquete da economía circular adoptado en decembro de 2015. A Comisión propón un regulamento que facilitará en gran medida o acceso dos abonos orgánicos e obtidos dos residuos ao mercado único da UE, poñéndoo en igualdade de condicións cos abonos inorgánicos tradicionais. Deste xeito crearanse novas oportunidades de mercado para as empresas innovadoras, reducindo ao mesmo tempo o volume de residuos, o consumo de enerxía e os danos ao medio ambiente.

A “Asociación Unión de Agricultores de A Limia”, propón o proxecto “Valorización de residuos agrarios na comarca da Limia”, que pretende abordar o problema da xestión dos residuos orgánicos procedentes das explotacións avícolas extensivas (galinácea) e das explotacións hortícolas e forestais (restos de colleita, restos de poda, restos de limpeza de montes, etc.) da zona da Limia, por medio da innovación ecolóxica, aplicando técnicas de compostaxe á xestión conxunta destes dous tipos de residuos, para conseguir un produto (compost) dun alto valor engadido e a súa posterior aplicación nos cultivos hortícolas da zona, como emenda ou como abono orgánico.